



AS FONTIÑAS
ENTIDADES DE SERVICIO Á CIDADANÍA



O barrio das Fontiñas debe ser considerado como un espazo comunitario, dotado de múltiples recursos e organizado en todas as súas dimensións, que se converte nun ámbito produtivo de relacións humanas positivas. Con esta idea, diferentes entidades decidimos unir esforzos para traballar todos xuntos, cuns obxectivos claros e compartidos, en prol da autonomía das persoas e da convivencia, dende o respecto á diferenza. Queremos seguir sendo partes dun crebacabezas, todas diferentes e necesarias, que encaixan perfectamente, e que unidas conseguen os fins propostos.

A presente guía constitúese nunha ponte de comunicación cara as veciñas e os veciños do barrio das Fontiñas. Pretende informar da oferta de servizos, recursos e actividades das que dispoñen e que poden resultar de interese para a súa vida cotiá. Consideramos, pois, que a información e a súa difusión son unha ferramenta básica para garantir a igualdade social.



Prezado/a veciño e veciña

Unir esforzos é, en moitas ocasións, a maneira de levar adiante iniciativas, produtivas de impacto e transformación social. Santiago de Compostela é un exemplo de esforzo comunitario cara a unha convivencia mellor, cara a unha calidade de vida máis doada.

A presente guía de servizos, que o barrio das Fontiñas ofrece á súa veciñanza, é un dos resultado desta unión, composta polas entidades sociais e os/as profesionais dos servizos públicos que nel actúan de xeito coordinado e sostible.

A finalidade desta publicación vai máis aló do carácter divulgativo dos seus recursos; pon de manifesto a potencialidade do tecido social, cando integra recursos públicos e privados na transformación e mellora da vida cotiá das persoas e dos barrios nos que habitan.

Esperamos que esta guía, ademais de ferramenta útil de información, sirva de instrumento de promoción e consolidación das novas formas de participación social.



Quero recoñecer o labor comunitario realizado nas Fontiñas, un traballo individual e colectivo, feito desde a implicación social de cada persoa e desde cada entidade, que ademais serve como modelo de intervención noutros barrios para mellorar a convivencia e a integración social.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Mellorar a sociedade na que vivimos require do esforzo de todas as persoas, entidades e administracións que estamos a formar parte do tecido social.

Dende o Concello de Santiago de Compostela estamos a estimular e impulsar a promoción de redes comunitarias de traballo para conquistar a participación social dos veciños e veciñas do municipio, para favorecer o desenvolvemento estratéxico do benestar social, para combater a desigualdade a nivel social e establecer mecanismos de cooperación entre as entidades implicadas directa ou indirectamente.

O traballo en rede é unha ferramenta imprescindible para rendibilizar os recursos, potenciar o esforzo das administracións, entidades e institucións que traballan no territorio, establecer relacións e intercambios en múltiples direccións, potenciando o compartir experiencias, promovendo e difundindo as boas prácticas que xeran á súa vez o fortalecemento das entidades que forman parte da mesma rede.



Mar Martín García
Concelleira Delegada de Igualdade



AS FONTIÑAS

ENTIDADES DE SERVIDO Á CIDADANÍA

SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

SERVIZOS PÚBLICOS NON MUNICIPAIS

ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

TECIDO SOCIAL

ENTIDADES CULTURAIS

OUTROS ENDEREZOS
E TELÉFONOS DE INTERESE



1.- SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS. 11

Centro Sociocultural das Fontiñas.
Escola Infantil Municipal das Fontiñas.
Servizos Sociais Municipais: Unidade de Traballo Social de Fontiñas.
Unidade municipal de atención ás familias (UAF).
Unidade municipal de atención a drogodependentes (UMAD).

2.- SERVIZOS PÚBLICOS NON MUNICIPAIS. 21

Centro de saúde das Fontiñas.
CEIP Fontiñas.
CEIP Monte dos Postes.
IES Antonio Fraguas Fraguas.
IES As Fontiñas.

3.- ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL. 31

Asemblea de Cooperación pola Paz.
Cáritas Parroquial das Fontiñas.
Centro de día Arela.
Cruz Vermella de Santiago de Compostela.
Fundación Secretariado Xitano.
Galicia Acolle.
Igxés-3.
Programa de apoio a familias monoparentais Abeiro.

4.- TECIDO SOCIAL. 45

Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas Fontela – CEIP Fontiñas.
Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas Camiño de Santiago – CEIP Monte dos Postes.
Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas Antonio Fraguas – IES Antonio Fraguas Fraguas.

5.- ENTIDADES CULTURAIS. 49

Asociación Alfaia.
Asociación Solfa

6.- OUTROS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE. 52





servizos públicos municipais



CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS

Rúa Berlín, nº 13.

Tfno.: 981-52.87.50. ▪ FAX: 981-52.87.45.

Correo-e: csfontinas@santiagodecompostela.org

Web: www.santiagodecompostela.org

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público municipal.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Dinamización sociocultural do barrio das Fontiñas.
- Organización de programas de ocio, estacionais e actividades de rede.
- Prestar servizos sociocomunitarios.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Luns: de 9 a 14 horas.

De martes a venres: de 9 a 14 horas, e de 17 a 21 horas.

Sábados: de 10 a 14 horas, e de 17 a 21 horas.

QUE PODES ATOPAR?

a.- Servizos:

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none">* Biblioteca.* Sala de prensa.* Aula de informática.* Aulas de xogo.* Vox musicais.* Exposicións. | <ul style="list-style-type: none">* Salón de usos múltiples.* Salas de xuntas.* Aulas talleres.* Zona Wifi.* Servizos Sociais: Unidade de Traballo Social de zona.* Unidade de rexistro. |
|--|---|

b.- Programas:

- | | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none">* Biblioteca:<ul style="list-style-type: none">- Animación á lectura.- Préstamos de libros, vídeos, CD, etc.- Intercambio de libros.- Club de lectura.- Prensa diaria, revistas, etc.
* Aula de informática:<ul style="list-style-type: none">- Cursos de informática.- Tempo de utilización libre.
* Aula de xogo:<ul style="list-style-type: none">- Xogos diversos. - Contacontos.- Títeres. - Monicreques.- Obradoiros. | <ul style="list-style-type: none">* Vox musicais:<ul style="list-style-type: none">- Piano, violín, frauta, guitarra, etc.- Canto coral.- Banda.(Actividades organizadas polas asociacións Alfaia e Solfa)
* Obradoiros:<ul style="list-style-type: none">- Pintura. - Debuxo.- Manualidades. - Cocíña.- Ioga. - Pilates.- Tai Chi. - Teatro.- Memoria. - Risoterapia.- Informática. - Xoga co inglés.
* Programas específicos:<ul style="list-style-type: none">- Vive o verán. - Apalmando as ilusións.- Asómate. - Viaxes e excursións. |
|--|--|

c.- Outras actividades:

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none">* Saídas culturais. | <ul style="list-style-type: none">* Charlas e conferencias. |
|---|---|



ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DAS FONTIÑAS: A ESCOLA DO COELLIÑO BRANCO

Rúa Fontes do Sar, nº 1.
Tfno.: 981-52.87.03.

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Entidade pública, pertencente á Concellaría de Educación do Concello de Santiago de Compostela.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

Dar servizo a todas aquelas familias que teñan asignada unha praza nesta escola.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Horario de administración: de luns a venres, de 10 a 13 horas.
Horario da gardería: de 7.30 a 20.30 horas.

QUE PODES ATOPAR?.

- Atención ás nenas e nenos.
- Servizo de almorzo, xantar e merenda.
- Obradoiros, talleres.
- Departamento de Calidade.
- Servizo Psicopedagóxico.
- Escola de nais e pais.



SERVIZOS SOCIAIS: UNIDADE DE TRABALLO SOCIAL DE FONTIÑAS

Centro Sociocultural das Fontiñas.

Rúa Berlín, nº 13.

Tfno.: 981-52.87.50. ▪ FAX: 981-52.87.45.

Correo-e: ssociais@santiagodecompostela.org

Web: www.santiagodecompostela.org

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público, pertencente á Area de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Achegar os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela á zona das Fontiñas, garantindo un primeiro nivel de atención profesional, mediante a instrumentalización das prestacións básicas, actuando como porta de entrada ao sistema público de Servizos Sociais.
- Conformer coas diferentes entidades da zona un cadro social en rede que promova un servizo á poboación, eficaz e eficiente, sen duplicidade de recursos nin de accións.
- Xerar un marco de prevención, participación e intervención no seo da propia comunidade, como medio de lles dar resposta ás diferentes problemáticas sociais.
- Previr e diminuír a desestruturación persoal e/ou socio-familiar naquelas unidades de convivencia que atravesan situación de crises, mediante a aplicación dos recursos e proxectos de intervención existentes, dinamizando as potencialidades detectadas no eido intrafamiliar e comunitario.
- Incidir positivamente na autonomía das familias, evitando a cronificación dos conflitos sociais, que poden repercutir de xeito negativo no desenvolvemento vital dos seus integrantes.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

De luns a venres, de 8 a 15 horas, con cita. Pódese concertar no Centro Municipal de Servizos Sociais (sito na rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4) e/ou no teléfono 981-54.24.65.

QUE PODES ATOPAR?

a.- **Información, orientación e asesoramento** sobre programas, recursos e servizos de índole social, que contribúan á autonomía persoal e familiar. Por áreas, realízase a tramitación e derivación a:

a.1.- Familia, infancia e mocidade:

- * Unidade municipal de atención ás familias.
- * Axudas de prevención e apoio a familias para a preservación dos menores no seu medio.
- * Axudas para a escolarización dos menores
- * Acollemento de menores.
- * Centro de día de menores.
- * Garda de menores.
- * Prestación económica de pago único por fillo menor a cargo.

a.2.- Maiores e/ou persoas con estado de saúde deficitario:

- * Recoñecemento do grao de discapacidade.
- * Recoñecemento da situación de dependencia, coa mobilización dos recursos que correspondan.
- * Servizo municipal de axuda no fogar.
- * Teleasistencia domiciliaria.
- * Ingreso en centros residenciais.
- * Centros de día.
- * Respiro familiar: estadias temporais en centros residenciais.
- * Transporte adaptado 065.
- * Programa de novas tecnoloxías.
- * Axudas para facilitar a autonomía persoal e a accesibilidade.
- * Pensións non contributivas.
- * Acollemento familiar.
- * Bonobús.
- * Termalismo e turismo social.
- * Vacacións.

a.3.- Inclusión social:

- * Plan de inclusión social.
- * Proxecto municipal de medidas de apoio para a prevención e a integración social: axudas para solventar necesidades básicas e participar en itinerarios de inserción social.
- * Renda de integración social de Galicia (RISGA).
- * Axudas para situacións de emerxencia social.

b.- **Intervención sociofamiliar**, dirixida, basicamente, á prevención, detección precoz e oferta dunha primeira atención profesional, dende o ámbito do traballo social de zona, para acadar a diminución dos factores de risco que están condicionando a disfuncionalidade das familias, que repercute de xeito negativo no desenvolvemento persoal de tódos os seus integrantes, en especial, dos mais novos.

c.- **Intervención no absentismo escolar**, co obxecto de contribuír a unha adecuada escolarización e asistencia regular aos centros educativos, a través dun traballo en rede co CEIP Fontiñas e co IES Antonio Fraguas, para a prevención, detección e tratamento social da problemática de absentismo escolar do alumnado escolarizado no ensino obrigatorio.

d.- **Intervención con persoas maiores e/ou en situación de dependencia**, baseado no traballo en rede coa Unidade de Traballo Social do Centro de Saúde das Fontiñas e dirixido á atención das necesidades básicas daquelas persoas que, por atoparese en situacións de especial vulnerabilidade (persoas maiores, estado de saúde deficitario, rede de apoio social e familiar insuficiente, soidade, etc...), requiren de apoios para desenvolveren as actividades esenciais da vida diaria, acadar unha maior autonomía persoal e poderen exercer plenamente os seus dereitos.

e.- **Intervención no ámbito comunitario, a través do proxecto municipal de educación de rúa**, xerando un marco de prevención, participación e intervención no seo da propia comunidade, como medio de lles dar resposta ás diferentes problemáticas sociais; creando redes positivas de apoio social, dende unha perspectiva informal, no propio contorno comunitario; achegando a poboación aos recursos existentes na zona, facilitando o acceso a circuitos sociais normalizados e ofertando alternativas de ocio que favorezan un desenvolvemento integral das capacidades e habilidades individuais.

f.- **Desenvolvemento comunitario**, como acción sistemática e coordinada entre todas as entidades públicas e de iniciativa social do barrio das Fontiñas, que, en resposta ás necesidades da poboación de referencia, tentaron constituír no ano 2000 e manter ata a actualidade un grupo de traballo estable (con profesionais pertencentes aos ámbitos sociais, educativos e sanitarios, fundamentalmente; e contando con apoio do tecido asociativo), dirixido a detectar precozmente, non só calquera situación carencial, senón a realizar a correspondente abordaxe técnica, evitando na medida do posible, a súa cronificación e agravamento.



UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS (UAF)

Rúa Manuel María, nº 6

Tfno.: 981-54.24.65. / -80. • FAX: 981-54.24.84.

Correo-e: uaf@santiagodecompostela.org

Web: www.santiagodecompostela.org

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público, pertencente á Area de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

De luns a venres, de 8 a 15 horas, con cita. Pódese concertar no Centro Municipal de Servizos Sociais (sito na rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4) e/ou no teléfono 981-54.24.65.

QUE PODES ATOPAR?.

a.- Prevención universal:

- Programa de pais e nais para a educación. Trátanse temas relacionados coa comunicación, estilos educativos, relacións pais-fillos/-as, autoestima,...
- Obradoiro de resolución de conflitos entre pais e fillos/-as adolescentes. Preténdese axudar a resolver problemas concretos durante esta etapa proporcionando técnicas e instrumentos para a súa resolución.

b.- Prevención selectiva: dirixese á poboación que polas súas circunstancias ten un maior risco de presentar dificultades, adestrándoos en competencias que favorezan a diminución dos factores de risco. Dentro deste inclúense programas específicos de intervención con menores e adolescentes en situación de risco.

c.- Prevención indicada: intervención familiar terapéutica e/ou socioeducativa con menores e adolescentes en situación de risco, co obxectivo de aumentar os factores de protección ante estas situacións.



UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD)

Rúa Manuel María nº 8
Tfno.: 981-52.87.87. • FAX: 981-52.87.80.
Correo-e: umad@santiagodecompostela.org
Web: www.santiagodecompostela.org

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público, pertencente á Área de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

Con carácter xeral, de luns a venres, de 8 a 15 horas e de 16 a 19 horas.

Laboratorio, de luns a venres, de 8 a 15 horas e de 16 a 18.45 horas.

Sábados e domingos, de 10 a 11.45 horas.

QUE PODES ATOPAR?

a.- Área de prevención:

- Material educativo para a saúde.
- Cinesino.
- Adestramento en habilidades sociais para adolescentes.
- Prevención de condutas disruptivas.
- Prevención de alcoholismo xuvenil.
- Escola municipal de pais e nais.
- Resolución de conflitos pais-fillos/as.
- Formación ao profesorado.
- Educación de rúa.
- Kamelamos guinar: dirixido a minorías étnicas.
- En busca do tesouro: programa de prevención de drogodependencias dirixido a familias en situación de risco con nenos/as entre 6 e 12 anos.

b.- Área de asistencia:

- Orientación e acollida.
- Programa libre de drogas.
- Mantemento e desintoxicación con metadona.
- Mantemento con naltrexona.
- Redución do dano: intercambio de xiringas, dispensación de preservativos, prevención e control de tuberculose e hepatite, vacinación da gripe e taller de consumo de menos risco.
- Derivación a comunidades terapéuticas.
- Uroanálise.
- Asesoramento xudicial.
- Prevención de recaídas.
- Educación para a saúde.
- Grupos de pais e nais.

c.- Unidade de día:

- Terapia de grupo.
- Actividades grupais: deportivas, culturais, talleres, prelaborais, ocupacionais, formativas e de busca de emprego.
- Habilidades sociais.
- Grupos de pais e nais.
- Aire libre.
- Actividades manuais, revista, video-foro, etc.

d.- Área de incorporación social:

- Alfabetización e graduado de ensino secundario obrigatorio.
- Orientación e asesoramento laboral.
- Taller de busca de emprego.
- Taller de xardinería.
- Derivación a cursos do Plan FIP.
- Preparación para a obtención do permiso de conducir.



servizos públicos non municipais



CENTRO DE SAÚDE DAS FONTIÑAS

Rúa Londres, nº 2-4.
Tfno. Cita previa: 902-07.73.33.

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público, de carácter sanitario.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Promoción da saúde.
- Prevención da enfermidade.
- Asistencia sanitaria.
- Educación para a saúde.
- Traballo na comunidade.
- Xurídico-administrativa.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

De luns a venres, de 9 a 21 horas.
Os sábados, de 8 a 15 horas no Ambulatorio Concepción Arenal.

QUE PODES ATOPAR?

a.- Recursos sanitarios:

- Unidade de Saúde Mental.
- Centro de Orientación Familiar.
- Educación maternal.
- Fisioterapia.
- Farmacéutico.

b.- Atención ao neno:

- Consultas no centro.
- Calendario de vacinacións.
- Revisións periódicas do neno san.
- Educación sanitaria.

c.- Atención ao adulto e ao ancián:

- Consulta no centro.
- Vacinación antigripal.
- Vacinación antitetánica.
- Enfermidades crónicas.
- Homologación sanitaria de receitas.

d.- Atención á muller:

- Planificación familiar.
- Diagnóstico precoz de cancro xinecolóxico ou de mama.

e.- Saúde mental:

- Orientación e tratamento de problemas mentais.

f.- Saúde bucodental:

- Educación para a saúde bucodental.
- Aplicación tópica de flúor.
- Selado de fisuras dos molares en nenas e nenos, de 6 a 14 anos.
- Limpeza (profilaxe) a xestantes.
- Obturacións (empastes) en molares definitivos con carie incipiente en nenas e nenos, de 6 a 12 anos.
- Extracción de pezas dentais.

g.- Unidade de Traballo Social:

- Tratamento de circunstancias asociadas a conflitos psicosociais relacionados coa saúde.
- Situacións de déficit social de menores, discapacitados, persoas en situación de dependencia, familias, persoas maiores, etc.
- Alcoholicismo e outras dependencias.
- Información e orientación de axudas para a recuperación de enfermos.

h.- Servizos administrativos:

- Cita previa.
- Tramitación de tarxeta sanitaria.
- Tramitación de reclamacións.
- Información á persoa usuaria das dúbidas formuladas.
- Elección de cambio de médico.

i.- Medios de apoio diagnóstico:

- Extraccións de sangue e recollida doutros materias biolóxicos.
- Electrocardiograma.



CEIP FONTIÑAS

Rúa Roma, nº 21

Tfno.: 981-56.07.41. / 54.31.75. (ensinanza primaria).

Tfno.: 981-54.31.76. (ensinanza infantil) ▪ FAX: 981-56.07.41.

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público de educación infantil e primaria.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

Educación.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Xornada continuada, de luns a venres, de 9 a 14 horas.

QUE PODES ATOPAR?.

- Educación infantil e primaria.
- Servizos:
 - Orientación.
 - Pedagogía terapéutica.
 - Audición e linguaxe.
 - Biblioteca: de luns a venres, de 16 a 18 horas, agás os martes.
- A través da ANPA Fontela xestiónanse diversas actividades extraescolares polas tardes.



CEIP MONTE DOS POSTES

Rúa Fontiñas, nº 79.
Tfno.: 981-54.31.87. ▪ FAX: 981-54.31.87.

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público, de carácter educativo.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

De luns a venres, de 9 a 14 horas.

QUE PODES ATOPAR?.

a.- Servizos que presta dentro do horario escolar:

- 6 unidades de educación infantil.
- 12 unidades de educación primaria.
- Orientación.
- Biblioteca.
- Aula de informática.
- Aula de música.
- Aula de vídeo.
- Aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

a.- Servizos que presta fóra do horario escolar:

- Madrugadores, 7.30 a 9 horas, almorzo voluntario.
- Comedor escolar, de 14 a 16.30 horas.
- Biblioteca, de luns a venres, de 16.30 a 18.30 horas.
- Os martes, servizo de titorías, de 16.30 a 17.30 horas.



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA “ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS”

Rúa Londres, nº 10.

Tfno.: 981-58.84.98. ▪ FAX: 981-52.82.54.

Correo-e: ies.antonio.fraguas@edu.xunta.es

Web: <http://centros.edu.xunta.es/iesantoniofraguas/>

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público, de carácter educativo. Instituto de educación secundaria (Xunta de Galicia: Consellería de Educación).

FINS DA ORGANIZACIÓN.

Os propios da institución escolar.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Horario do centro: de luns a venres, de 8.45 a 14.25 horas; martes e venres, de 16.15 a 18.45 horas.

Horario de oficina: de luns a venres, de 9 a 14 horas.

Horario de biblioteca: de luns a venres, en horario de mañá; martes e mércores, en horario de tarde.

QUE PODES ATOPAR?

a.- Servizos:

- 16 unidades de ensino secundario obrigatorio (ESO). 2 grupos de Diversificación Curricular. Agrupamentos específicos e desdobres.
- 7 unidades de bacharelato coas modalidades de:
 - Humanidades e Ciencias Sociais.
 - Ciencias e Tecnoloxía.
 - Artes escénicas, Música e Danza (nova modalidade de bacharelato).
- Departamento de Orientación, con especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica.
- Biblioteca e punto lector.
- Laboratorios.
- Ximnasio.
- Aulas de Plástica e Tecnoloxía.
- Aulas de Música.
- Novas tecnoloxías na maioría das aulas e instalación wifi en todo o centro.
- Servizo de transporte escolar.

b.- Programas:

- PROA. (Programa de Apoio a centros de secundaria en zonas de atención preferente) Con varias liñas de actuación:convivencia, biblioteca, relación coas familias e absentismo escolar).
- “De BO ROLLO”, de habilidades sociais (UMAD, Concellaría de Benestar Social).
- Programa de educación afectivo-sexual, en colaboración con XENEME.
- Programa de prevención de drogodependencias, en colaboración coa UMAD, Concellaría de Benestar Social.
- Obradoiro de trastornos da alimentación, en colaboración coa Cruz Vermella.
- Programas de convivencia con Galicia Acolle e Asemblea de Cooperación pola Paz.
- Centro da rede europea “Escolas sen racismo”.
- Programa de educación intercultural con alumnado inmigrante en colaboración con IGAXÉS.
- Participación en CINENSINO. Programa de prevención de drogodependencias, englobado no programa de prevención para a saúde e que emprega como base para o traballo formativo o cine.
- PONTE NAS ONDAS. Experiencia educativa que se vén desenvolvendo dende 1995 grazas á cooperación entre escolas de primaria e secundaria de Galicia e do norte de Portugal.
- PROXECTO TERRA. É un proxecto de intervención educativa proposto polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que os escolares de Galicia deben ter da arquitectura galega, do seu contorno e da nosa identidade territorial.
- Proxecto COMENIUS: “Participación Democrática e cidadá na escola e no seu entorno” con centros de Alemaña, Letonia, Finlandia e Dinamarca.
- Club de lectura do alumnado “PROMETEO”.
- Club de lectura de profesorado “O CLUB DA LIBRETA”.
- Grupo de pintura “SINGULAR_ES”, formado por alumnado e profesorado.

c.- Actividades extraescolares e complementarias:

- Liga interna: minifútbol, baloncesto, ...
- Grupo de teatro “TANTOMETÉN”, organizado polo Equipo de Normalización Lingüística.
- Programas e actividades de orientación académica e profesional.
- Diversas actividades relacionadas cos temas transversais: charlas, talleres, visitas a exposicións...
- Saídas culturais e excursións.



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA “AS FONTIÑAS”

Rúa Estocolmo, nº 5.

Tfno.: 981-57.34.40. / 669-78.49.93. ▪ FAX: 981-57.14.58.

Correo-e: ies.as.fontinas@edu.xunta.es

Web: <http://centros.edu.xunta.es/iesasfontinas/>

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Servizo público, de carácter educativo. Instituto de educación secundaria (Xunta de Galicia: Consellería de Educación).

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Horario do centro: de luns a venres, de 8.30 a 23.00 horas.

Horario de oficina: de luns a venres, de 9 a 13 horas.

QUE PODES ATOPAR?.

- Ensinanzas postobrigatorias:
 - Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.
 - Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.
 - Ciclos formativos da familia de Administración.
 - Ciclos formativos da familia de Edificación e Obra Civil.



BARRIO DAS
FONTINAS



PREMIO
DE ARQU

Philippe



entidades de iniciativa social



ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ

Rúa do Hórreo, nº 22, 1º local
E.

Tfno./Fax: 881.97.73.39

Correo-e: galicia@acpp.com

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Asemblea de Cooperación pola Paz é unha ONGD sen ánimo de lucro, laica, independente e defensora dos valores democráticos desde unha opción de xustiza social e económica. Desenvolvemos a nosa acción no eido da COOPERACIÓN cos países en vías de desenvolvemento desde a equidade de xénero e o desenvolvemento sostible, fomentando o fortalecemento do tecido asociativo das súas propias sociedades para que elas mesmas tomen as rendas do desenvolvemento e da ACCIÓN SOCIAL, que engloba accións de educación para o desenvolvemento e sensibilización, fomentando a tolerancia, a interculturalidade, a solidariedade e o coñecemento das relacións Norte-Sur.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Tomaremos partido pola Paz, os procesos de reformas democráticas e a procura do diálogo, contribuíndo a sensibilizar a opinión pública nacional e internacional para que se articulen medidas de prevención de conflitos e se actúe desde os organismos internacionais en razón da lexítima inxerencia por motivos humanitarios, cando así o demande a necesaria defensa dos dereitos humanos fundamentais.
- Queremos concienciar a sociedade europea para que lles demande aos seus representantes políticos accións en defensa destes dereitos humanos esenciais.
- Reforzaremos as organizacións veciñais, sindicais, profesionais e de mulleres, como actores fundamentais nos países en vías de desenvolvemento, así como o movemento cooperativo na súa xestión, administración e viabilidade económica.

- Crearemos espazos de intercambio e reflexión entre as administracións públicas e as organizacións sociais.
- Fomentaremos a integración social dos colectivos máis desfavorecidos e traballaremos con aqueles que buscan a transformación social e que se mostran inconformistas ante a ausencia de liberdades e a inxustiza social.
- Defenderemos o público, o colectivo, o social, traballando para fortalecer a sanidade e educación públicas (potenciando a participación de pais, nais, profesores e alumn@s); e mellorar o acceso dos cidadáns e cidadás aos servizos básicos de vivenda digna, auga potable, transporte e emprego. Tamén apoiaremos os procesos participativos de autoconstrución de vivendas impulsando proxectos de conservación e distribución dos recursos hídricos.
- Apostaremos pola "globalización"... dos dereitos dos cidadáns e cidadás.
- Reivindicaremos o papel das organizacións de mulleres como actores fundamentais de desenvolvemento.
- Sensibilizaremos sobre a necesidade de protexer os recursos ambientais e a súa compatibilidade co desenvolvemento.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Luns – xoves: 9.00 a 15.00 e 16.30 a 19.00

Venres: 9.00 a 15.00

As actividades educativas desenvolveranse dentro do horario escolar.

QUE PODES ATOPAR?.

a.- Cooperación ao Desenvolvemento e Acción Humanitaria e de Emerxencia

- África Subsahariana, Caribe, Centroamérica, Magreb, Suramérica e Oriente Medio

b.- Acción Social

- Programa Educativo Escolas Sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento.
- Camiños de Paz: Outras voces de Israel e Palestina.
- Cursos de Cooperación sobre o Terreo.
- Codesenvolvemento e Inmigración.
- Exposicións, charlas informativas, postos informativos, etc.



CARITAS PARROQUIAL DAS FONTIÑAS

Rúa Estocolmo, s/nº.

Tfno.: 981-57.57.60.

Blog: parroquiadefontinas.blogspot.com

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Entidade de iniciativa social e eclesial.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

De luns a venres, de 17 a 19 horas.

¿QUE PODES ATOPAR?.

- Atención primaria (alimentos e roupeiro): de 18 a 19 horas.
- Promoción social orientada ás persoas maiores:
 - Recuperación da memoria: xoves, de 18 a 19 horas.
 - Ximnasia de mantemento: luns, de 17 a 18 horas.
 - Manualidades e baile: unha vez ao mes.
- Asistencia a persoas enfermas e persoas soas. Informar previamente en Cáritas Parroquial sobre esta necesidade.



CENTRO DE DÍA DE ATENCIÓN INTEGRAL ARELA

Rúa Doutor Teixeiro, nº 35, 3º.
Tfno.: 981-57.22.04.
Correo-e: teixeiro@arela.org

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Entidade de iniciativa social (organización do terceiro sector).

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- A intervención educativa, integral e individualizada, con nenas, nenos e adolescentes, con dificultades sociofamiliares, na que a través do traballo en rede con outros profesionais, dentro do seu contorno social, se acaden os cambios precisos para normalizar a convivencia familiar.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Horario do centro: de luns a venres, de 8 a 20 horas.

O horario de atención desenvolverase seguindo os obxectivos e actividades establecidos para cada nena, neno ou adolescente e a súa familia.

QUE PODES ATOPAR?.

- Orientación e apoio ás familias na toma de decisións nos diferentes ámbitos da vida das nenas, nenos e adolescentes.
- Desenvolvemento dun Proxecto Educativo Individualizado para cada nena, neno e adolescente.

OBSERVACIÓNS.

Neste centro aténdese un total de 10 menores, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, en situación de risco social, derivados polo Equipo Técnico do Menor da Coruña (pertencente á Xunta de Galicia).



CRUZ VERMELLA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Avenida de Lugo s/n (Fontiñas, esquina Londres).

Tfno.: 981 586969 • FAX: 981591819

Correo-e: santia@cruzroja.es

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Entidade humanitaria sen ánimo de lucro que desenvolve a súa actividade no eido da intervención social cos colectivos vulnerables e da cooperación internacional.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

Estar cada vez mais preto das persoas vulnerables nos diferentes ámbitos xeográficos a través de accións de carácter preventivo, asistencial, rehabilitador e de desenvolvemento, realizadas esencialmente por voluntarios.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

9.00 a 14.00 e 16.00 a 19.00 luns, mércores, xoves.

9.00 a 14.00 e 16.00 a 18.00 martes.

9.00 a 14.00 venres.

As actividades desenvólvense en horas que non teñen porque coincidir co horario de atención ao público.

QUE PODES ATOPAR?

- Talleres de activación para persoas maiores.
- Formación prelaboral para desempregados.
- Orientación laboral.
- Asesoramento a inmigrantes.
- Espazo de procura activa de emprego.
- Aulas gratuítas para entidades sen animo de lucro.
- Aula de Informática.
- Centro de Mediación Social para Menores.
- Punto de Información Xuvenil.
- Proxecto para persoas sen fogar.
- Teleasistencia.
- Axudas técnicas para persoas con mobilidade reducida.
- Programa de Acollemento Familiar.
- Formación Sociosanitaria.
- Campañas de sensibilización.
- Voluntariado nos diferentes proxectos.



FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

Rúa Fontiñas, nº 29, Baixo.
Tfno.: 981-55.41.90. ▪ FAX: 981-55.41.91.
Correo-e: susana.gonzalez@gitanos.org
Web: <http://www.gitanos.org>

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, que presta os seus servizos pola promoción integral da comunidade xitana.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Apoiar o seu acceso aos dereitos, servizos e recursos, en igualdade de condicións ca o resto dos cidadáns.
- Realizar accións dirixidas a mellorar as condicións de vida das persoas xitanas.
- Potenciar o recoñecemento, apoio e desenvolvemento da súa identidade cultural.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

De luns a xoves, de 9 a 14 horas e de 16 a 19 horas.
Os venres, de 9 a 15 horas.

QUE PODES ATOPAR?

a.- **Programa Operativo Plurirrexional de Loita contra a Discriminación do Fondo Social Europeo: PROGRAMA ACEDER**, para a promoción do acceso da poboación xitana a un emprego de calidade, desenvolvendo accións nos eidos do sociolaboral, da formación e do emprego.

- Itinerarios de inserción individualizados.
- Servizo Ecotur: servizo profesional de azafatas de congresos.
- “Calís de Cibó-Mulleres de hoxe”: grupo de mulleres que ten por obxectivo apoiar e dinamizar accións relacionadas coa promoción, a participación e a difusión e defensa dunha imaxe positiva do colectivo.

b.- **Programa “Kamelamos Guinar, en caló, “Queremos contar”**: accións dirixidas a menores e adolescentes no ámbito da prevención de drogas, VIH/SIDA e ETS, a través da intervención comunitaria:

- Obradoiro de música flamenca (guitarra e percusión), dirixido a nenos e adolescentes.
- Obradoiro de baile, dirixida a nenas.
- Obradoiros sobre hábitos saudables, a través de xogos e das artes plásticas, para nenos e nenas.
- Obradoiros de carácter formativo para adolescentes.
- Outras accións integradas no entorno comunitario.



GALICIA ACOLLE

Rúa San Roque 6 bis, 1º andar
Tfno.: 981 57 46 59 - 670 014 495 - 671 017 131 – 600 453 109
Correo-e: santiago@galiciaacolle.org - galiciaacolle@galiciaacolle.org
Web: www.galiciaacolle.org - <http://galiciaacolle.blogspot.com>

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Entidade sen ánimo de lucro, de voluntariado, que intervéñ no ámbito da inmigración.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

GALICIA ACOLLE traballa pola integración e a interculturalidade en contextos de inmigración, entendidas como a interacción entre persoas de orixe estranxeira (POE) e autóctonas, no desenvolvemento dun proxecto común de sociedade.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

De luns a venres, de 10 a 14 horas.
As tardes dedícanse a actividades específicas, con horarios diversos.

QUE PODES ATOPAR?

As intervencións de Galicia Acolle canalízanse a través de 5 eixes de actuación:

1) **Accollida**, a través do Servizo de Achegamento a Recursos (SAR). Dirixido á poboación de orixe estranxeira, que consta das seguintes áreas de intervención:

- Accollida
- Atención Social
- Orientación Xurídica
- Clases de galego
- Clases de castelán
- Reforzo escolar

2) **Laboral**, mediante o Proxecto de Itinerarios Integrados de Inserción Laboral.

3) **Educación**, a través de dous programas específicos:

- Programa de Educación Intercultural (PEI)
- Programa de Mediación de Pares (Axudantes Interculturais)

4) **Mediación**

- Intervención nos casos que se demandan
- Formación

5) **Voluntariado**

- Coordinación, formación e fomento da participación do voluntariado no desenvolvemento asociativo de Galicia Acolle.



INSTITUTO GALEGO PARA O TERCEIRO SECTOR: IGAXES-3

Rúa da Muíña, nº 24. San Lázaro.
Tfno.: 981-56.11.69. • FAX: 981-56.11.42.
Correo-e: igaxes@igaxes.org

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Entidade de iniciativa social.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

Traballar e formar os mozos en situación de risco laboral, recorrendo á inserción sociolaboral como un medio para abordar unha capacitación máis ampla que debe procurar o empoderamento e o fomento da cidadanía deste colectivo.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

O horario de atención ao público é de 9.00 a 14.00 horas.

QUE PODES ATOPAR?

O noso sistema de traballo busca a integralidade dos servizos de xeito que por un lado traballamos por previr procesos de desadaptación social ou exclusión na poboación xuvenil nos que se detectou algún indicativo de risco (fracaso escolar, delincuencia, problemática familiar, etc.) a través dunha intervención integral (educativo, cultural, deportivo e social) adecuada para acadar unha desenvolvemento dos/as destinatarios/as.

E por outro, xa máis centralizados e focalizados na problemática do emprego, ofrecemos **orientación e formación laboral**, ofertando as seguintes actividades:

- Acolida dos usuarios/as
- Reunións de avaliación/orientación cos usuarios.
- Definir un plan inicial de busca de emprego e formación
- Reunións de seguimento cunha frecuencia cando menos quincenal cos usuarios, coa finalidade de informar das opcións de emprego e sociais, así como motivar e apoiar os usuarios/as no proceso de inserción laboral. Este plan, en caso de que non se consiga nun prazo de 6 meses, deberá volver revisarse.



PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS “ ABEIRO ”

Rúa París, R-5.2, Baixo.

Tfno.: 981-57.75.90.

Correo-e: programa.abeiro@gmail.com

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Entidade de iniciativa social. Programa promovido e coordinado por Cáritas Parroquial das Fontiñas, que a súa vez pertence a Cáritas Interparroquial, inserta en Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Ofrecer o programa como apoio integral ás familias monoparentais da nosa comunidade con menores ao seu cargo, outorgándolle aos proxenitores unha maior dispoñibilidade de cara a súa inserción laboral e formativa.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

De luns a venres, de 8 a 20 horas, ininterrompidamente.

QUE PODES ATOPAR?.

- Orientación e asesoramento laboral e formativo.
- Reforzo das estratexias e habilidades dos proxenitores no traballo educativo cos seus fillos/as.
- Formación dirixida aos proxenitores: encontros de formación, obradoiros de alfabetización e de expresión artística, derivación a cursos propostos por outras entidades, ...
- Actividades culturais: saídas, excursións, encontros interxeneracionais, ...
- Apoio e acompañamento socioeducativos aos menores durante a xornada laboral ou formativa dos seus proxenitores.
- Actividades dirixidas aos menores: apoio escolar, reforzo de habilidades sociais e comunicación intrafamiliar, prevención do absentismo escolar, hábitos de saúde e hixiene e dinámicas programas trimestralmente.



tecido social



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS FONTELA – CEIP FONTIÑAS

Rúa Roma, nº 21.

Tfno.: 660-64.78.08. ▪ Correo-e: apafontela@ole.com

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, sen ánimo de lucro.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Asistir ás nais, pais e titores en todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos e pupilos.
- Colaborar nas actividades educativas complementarias e extraescolares do centro.
- Facilitar a representación das nais e pais de alumnos no Consello Escolar do centro e nos órganos colexiados que se establezan.
- Estimular a participación das nais e pais de alumnos na programación xeral do ensino a través do órgano colexiado correspondente.
- Fomentar as relacións de cooperación do centro con outros establecementos escolares e cos sectores sociais e culturais do contorno.
- Promover a plena realización do principio de gratuidade no eido do centro, así como a efectiva igualdade de dereitos de todo o alumnado, sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.
- Requiririlles aos poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, demandando a atención e axudas que esta se merece.
- Promover actividades formativas, culturais e de estudo.
- Todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Martes e xoves, de 17 a 18 horas.

QUE PODES ATOPAR?.

- Ludoteca.
- Baile galego.
- Xadrez.
- Taller de creatividade.
- Karate.
- Patinaxe.
- Iniciación ao deporte.
- Teatro.
- Traballos manuais.



ASOCIACIÓN DE NAI S E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS “CAMIÑO DE SANTIAGO” – CEIP MONTE DOS POSTES

Rúa das Fontiñas, nº 79.
Tfno.: 649-38.04.86./666-58.21.90.

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, sen ánimo de lucro.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Asesorar e apoiar as nais, pais e titores en todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos.
- Colaborar nas actividades educativas complementarias dos centros.
- Organizar as actividades extraescolares en horario non lectivo.
- Representar os pais e nais dos alumn@s no consello escolar do centro e nos órganos colexiados que se establezan.
- Facilitar a participación dos pais e nais de alumnos na programación xeral do centro.
- Fomentar cauces de cooperación entre as familias e o centro educativo e do centro con outras institucións do contorno.
- Promover a igualdade de dereitos de todo o alumnado, sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.
- Xestionar a solicitude de axudas públicas que beneficien a comunidade educativa.
- Esixirilles aos poderes públicos o cumprimento das súas obrigas no tocante ao mundo educativo.
- Promover actividades formativas e culturais, etc.
- Todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Atención telefónica todos os días lectivos en horario de 09.30 – 13.30 e de 16.00 – 19.00

QUE PODES ATOPAR?.

- Servizo de aula matinal.
- Baloncesto.
- Baile moderno.
- Inglés coloquial.
- Servizo de comedor.
- Patinaxe.
- Taller de cociña.
- Informática.
- Fútbol.
- Taekwondo.
- Debuxo e pintura.
- Piscina.



ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS ANTÓN FRAGUAS – IES ANTONIO FRAGUAS

Rúa Londres, nº 10.

Tfno.: 654598432.

Correo-e: anpa.anton.fraguas@gmail.com

Blog: <http://anpa-antonfraguas.esblogs.net>

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, sen ánimo de lucro.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Asistir as nais, pais e titores en todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos e pupilos e no novo papel de nais/pais de adolescentes.
- Colaborar nas actividades educativas complementarias e extraescolares do centro.
- Colaborar nas iniciativas do alumnado cara á realización de actividades formativas e lúdicas.
- Facilitar a representación das nais e pais de alumnos no Consello Escolar do centro e nos órganos colexiados que se establezan.
- Colaboración con outras asociacións e entidades do contorno.
- Organización, difusión e participación en obradoiros/cursos/conferencias dentro da temática das **relacións** entre as familias e os adolescentes.
- Promover actividades formativas, culturais e de estudio.
- Todos aqueles outros non recollidos nos estatutos e que sexan conformes á lei.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Martes, de 18.30 a 19 horas.

QUE PODES ATOPAR?.

- Capoeira
- Obradoiros de conversa en inglés
- Contacto con outras asociacións ou entidades



entidades culturais



ASOCIACIÓN ALFAIA

Rúa Berlín, nº 13.

Teléfono: 981-52.87.50. • FAX: 981-52.87.45.

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Asociación sociocultural

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Fomento da cultura musical e da danza.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Martes e xoves, de 18 a 20 horas.

Sábados, de 12 a 14 horas.

¿QUE PODES ATOPAR?.

- Música e movemento, de 3 a 6 anos.
- Prelinguaxe musical, de 6 a 7 anos.
- Linguaxe musical, a partir de 7 anos.
- Instrumentos: piano, violín, guitarra, percusión, clarinete, saxo, frauta, trompeta, gaita...
- Canto.
- Conxunto instrumental.
- Combo.
- Coro para adultos.
- Ballet.
- Danza moderna.
- Funky – hip hop.
- Pilates.
- Flamenco.



ASOCIACIÓN MUSICAL SOLFA

Rúa Bruxelas, nº 3-H, 2º B.

Tfno.: 676-67.50.30.

Correo-e: Icarreirap@santiagodecompostela.org

TIPO DE ORGANIZACIÓN.

Asociación cultural e musical.

FINS DA ORGANIZACIÓN.

- Aprender e gozar coa nosa música. A través da coral e da banda de música de Solfa, queremos contribuír a coñecer e estallar o noso patrimonio cultural. Galiza é un país cunha gran cultura bandística e coral, nós formamos parte desa identidade.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

Os luns, de 18.30 a 19.30 horas, no Centro Sociocultural das Fontiñas, sito na rúa Berlín, nº 13.

QUE PODES ATOPAR?.

a.- Clases de música de:

- Solfeos, para todas as idades.
- Coro.
- Canto.
- Instrumentos: frauta, óboe, clarinete, saxofón, trompeta, trompa, trombón, tuba, bombardino, percusión, piano, acordeón.
- Banda.

b.- Outras actividades de:

- Concertos.
- Intercambios culturais con outras agrupacións, campamentos musicais, xornadas, conferencias...

OUTROS ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE

ENTIDADE	ENDEREZO	TELÉFONO DE CONTACTO
Concello de Santiago de Compostela	Praza do Obradoiro, s/nº.	981-54.23.00.
Centro Municipal de Servizos Sociais	Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Galeras.	981-54.24.65.
Centro municipal de información á mulleres	Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Galeras.	981-54.24.65.
Unidade municipal de atención ás migracións e á inmigración	Praza Camilo Díaz Baliño, nº 15-B	981-54.24.95.
Policía Local	Rúa Costa do Cristo – Pazo de Raxoi	981-54.23.23. / 092
Policía Autonómica	Rúa Roma. Fontiñas.	981-54.64.74.
Instituto Galego da Vivenda e Solo	Edificio de Área Central.	981-54.19.00.
Equipo de valoración e orientación (EVO): grao de discapacidade	Praza de Europa, nº 10, 2º andar – Area Central	881-99.92.36.
Equipo de valoración de dependencia	Praza de Europa, nº 10, 2º andar – Area Central	881-99.92.24.
Multiusos Fontes do Sar	Rúa Diego Bernal, s/nº.	981-56.81.60.
Centro de formación e recursos de Santiago	Rúa Vilaldía, nº 37	981-52.24.11. / 52.24.50.
Inspección educativa	Avenida de San Lázaro, nº 107	981-54.01.97.
Atención á cidadanía		010
Teléfono de emerxencia SOS Galicia		112
Teléfono do neno		112
Teléfono de atención a vítimas de violencia de xénero		016
Teléfono social		900-333.666.



